

e allea do réxime especial agrario da Seguridade Social rexeranse polo disposto nos artigos 12, 13 e 14 deste regulamento, sen máis especialidades cás seguintes:

1.^a A obriga de cotizar a este réxime especial nacerá desde o día primeiro do mes natural en que se produza a alta nel e se inicie a actividade e extinguirase ó vencemento do último día do mes natural en que se cause baixa no devandito réxime, agás no suposto a que se refire o artigo 45.1.5.^a do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, caso en que a cota fixa mensual se dividirá por trinta en tódolos meses.

2.^a Os traballadores incluídos neste réxime especial que realicen traballos que dean lugar á súa inclusión noutro réxime da Seguridade Social, por un período superior a tres meses, naturais e consecutivos, á parte de teren que solicita-la súa baixa no réxime especial agrario da Seguridade Social, non terán obriga de cotizar a este aquelas mensualidades naturais e completas que acrediten teren prestado ininterrompidamente e con carácter exclusivo os servizos determinantes da súa inclusión no outro réxime. Os traballadores que se atopen en tal situación non terán dereito, mentres esta subsista, a percibir prestacións deste réxime.»

2. Engádese o seguinte parágrafo no punto 5 do artigo 42:

«Para estes efectos, nos documentos de cotización ou na transmisión por medios técnicos dos datos figurados neles indícarase o número de xornadas realizadas no mes a que se refira a liquidação.»

3. Engádese un novo punto 3 ó artigo 70 nos termos seguintes:

«3. No caso dos traballadores por conta allea de carácter fixo incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, a entidade xestora, durante a percepción das prestacións por desemprego, terá ó seu cargo a cota fixa vixente que corresponda ó grupo de cotización do traballador no momento da situación legal de desemprego minorada nun 28 por 100. Durante a percepción do subsidio por desemprego terá ó seu cargo a cotización consonte o previsto no punto 1.3 deste artigo.

A entidade xestora aboaralles ós beneficiarios das prestacións e subsidios por desemprego, xunto ás percepcións económicas correspondentes, o importe da cotización ó seu cargo, estando estes obrigados a cotizar ó réxime especial agrario da Seguridade Social pola totalidade da cota fixa que corresponda.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día primeiro do sexto mes seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,

JUAN CARLOS APARICIO PÉREZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10182 *ORDE APA/1172/2002, do 24 de maio, pola que se establecen os corredores para o envío de animais da especie porcina destinados a sacrificio nos matadoiros autorizados mediante a Decisión 2002/33/CE. («BOE» 127, do 28-5-2002.)*

A Decisión 2002/33/CE, da Comisión, do 14 de xaneiro, sobre a utilización de dous matadoiros por parte de España, de conformidade co disposto na letra b) do punto 1 do artigo 10 da Directiva 2001/89/CE do Consello, autoriza a España a utilizar os matadoiros «Le Porc Gourmet» e «L'Escorxador Frigorific d'Osona (Esfosa)» situados na zona de protección establecida en decembro de 2001 arredor dos focos de peste porcina clásica declarados na provincia de Barcelona, en certas condicións.

Esta decisión acaba de ser modificada, permitíndose que os animais destinados ós citados matadoiros poidan proceder de explotacións situadas en toda España, e non unicamente das situadas na provincia de Barcelona e as comarcas do Ripollés, Garrocha e Selva da provincia de Xirona.

No punto 1 do artigo 1 da citada decisión, establécense as condicións sanitarias para o acceso dos porcos de abasto ós matadoiros, e dispónse que este acceso deberá efectuarse a través duns corredores cos pormenores que se establecerán na lexislación española. Faise necesario, por tanto, una vez que os animais poden proceder de toda España, establece-os citados corredores.

Esta orde dítase ó abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2159/1993, do 13 de decembro, polo que se establecen medidas relacionadas coa peste porcina clásica, que faculta o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do disposto na devandita norma.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer os corredores previstos no punto 1 do artigo 1 da Decisión 2002/33/CE, da Comisión, do 14 de xaneiro, sobre a utilización de dous matadoiros por parte de España, de conformidade co disposto na letra b) do punto 1 do artigo 10 da Directiva 2001/89/CE, do Consello, co fin de permiti-lo acceso ós devanditos matadoiros de animais da especie porcina procedentes de explotacións situadas en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase por:

- Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas.
- Matadoiros autorizados: os matadoiros «Le Porc Gourmet» e «L'Escorxador Frigorific d'Osona (Esfosa)».

Artigo 3. *Corredores.*

1. Para o transporte de animais da especie porcina desde calquera explotación situada no territorio nacional cara ós matadoiros autorizados, os vehículos de trans-

porte deberán transitar obrigatoriamente polos seguintes corredores:

a) Corredor do matadoiro «L'Escorxador Frigorific d'Osona (Esfosa)»:

Chegada ó matadoiro: pola estrada C-25 (Eix transversal) ata o cruzamento coa estrada C-153 en dirección a Vic ata a entrada ó matadoiro.

Saída do matadoiro: á estrada C-153, dirección Roda de Ter, ata a estrada C-25 (Eix transversal) (500 metros). Continuación pola estrada C-25 dirección Barcelona-Lleida ata a saída 182, de Manlleu (2.500 metros).

b) Corredor do matadoiro «Le Porc Gourmet»:

Chegada ó matadoiro: pola estrada N-152, saída de Malla. Continuación pola estrada BV-5306 ata Taradell, e posteriormente en dirección a Santa Eugènia de Berga pola estrada B-520 ata a entrada na zona do matadoiro.

Saída do matadoiro: en dirección a Santa Eugènia de Berga, pola estrada B-520 ata Taradell. Continuación en dirección a Malla pola estrada BV-5306.

2. Os puntos de desinfección anexos ós matadoiros estarán baixo continua supervisión da autoridade competente.

3. O sacrificio nos matadoiros autorizados de animais procedentes de explotacións situadas nas zonas establecidas no anexo da Decisión 2001/925/CE, da Comisión, do 20 de decembro, relativa a determinadas medidas de protección contra a peste porcina clásica en España e pola que se derroga a Decisión 2001/863/CE, deberá levarse a cabo en días diferentes a aqueles en que se realice o sacrificio de animais procedentes de explotacións situadas fóra das ditas zonas.

Artigo 4. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do disposto nesta orde sancionase de acordo co disposto no Regulamento de epizootias, aprobado mediante Decreto do 4 de febreiro de 1955, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e no artigo 103 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en materia de traslado, desprazamento, transporte e movemento pecuario dentro do territorio nacional, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís o da outra orde que diso puidese derivarse.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de maio de 2002.

ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

10227 REAL DECRETO 435/2002, do 10 de maio, polo que se modifica o artigo 2 do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil. («BOE» 128, do 29-5-2002.)

A publicación do Real decreto 772/1997, do 30 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de con-

ductores, deu lugar á actualización da normativa aplicable á condución e circulación de vehículos das Forzas Armadas, mediante a aprobación do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil.

Posteriormente, o Real decreto 1907/1999, do 17 de decembro, polo que se modifican os artigos 6, 7, 17, 36, 58, 73, 74, 75, 76 e 79 do Regulamento xeral de conductores, estableceu o seguinte:

No seu artigo único, punto 1, ampliou as condicións de expedición e obtención dos permisos de condución (artigo 6, punto 2, do Regulamento xeral de conductores) no sentido de que a obtención dos permisos das clases C1 e D1 implica a concesión da autorización "BTP".

No seu artigo único, punto 2, modificou os condicionantes establecidos no artigo 7, punto 3, do Regulamento xeral de conductores, para a condución de vehículos prioritarios, de forma que queda redactado para a condución co permiso da clase B, exclusivamente.

Estas modificacións, e a necesidade de mante-la coherencia coa lexislación xeral, motivaron a redacción deste real decreto, que actualiza o xa mencionado Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior e do ministro de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de maio de 2002,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación do artigo 2 do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil.*

1. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 4 do artigo 2 do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil, coa seguinte redacción:

«4. Para conducir, co permiso da clase B, vehículos prioritarios cando utilicen aparellos emisores de luces ou sinais acústicos especiais ó circularen en servizo urxente ou prioritario, todos eles cunha masa máxima autorizada non superior a 3.500 quilogramos e cun número de asentos, incluído o condutor, que non exceda de nove, será necesario contar cunha autorización (BTP) que acredite ter unha experiencia, durante polo menos un ano, na condución de vehículos á que autoriza o permiso ordinario da clase B, e ter superada a correspondente proba de control de coñecementos. O ano de antigüidade poderá ser substituído por un certificado que acredite ter completada unha formación específica teórica e práctica impartida por un centro de formación de conductores autorizado para iso, e a superación das correspondentes probas de control de coñecementos, aptitudes e comportamentos. Esta autorización quedará reflectida no correspondente epígrafe da páxina 6 do modelo de permiso a que se refire o artigo 2 deste real decreto.»

2. Engádeselle un novo parágrafo h) ó punto 8 do artigo 2 do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de ve-